

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FERROL PARA ABRIR FERROL AO MAR. SEGUNDA FASE DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA FACHADA MARÍTIMA E PORTUARIA DA CIDADE DE FERROL

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Coas obras que se promoven e as que xa se están a desenvolver preténdese acadar unha franxa continua de tránsito seguro e cómodo para peóns e ciclistas de máis de dez quilómetros de lonxitude na zona de contacto co mar, dende a dársena de Curuxeiras no extremo oeste ata a ensenada de Caranza no este, co obxectivo de implantar un modelo de mobilidade sostible ademais de contribuír á rexeneración urbana da cidade.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en once millóns de euros (11.000.000,00), IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará a redacción dos proxectos e o 50% das obras e a súa dirección ata un importe máximo de cinco millóns setecentos doce mil trescentos oitenta e cinco euros con vinte e cinco céntimos (5.712.385,25 €) IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2024-0001.

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2024.

O investimento distribúese nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2024	1.212.385,25
2025	1.600.000,00
2026	1.600.000,00



2027	1.300.000,00
TOTAL	5.712.385,25

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ferrol e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

As actuacións a desenvolver perseguen acadar unha cidade máis funcional, sustentable e segura ao tempo que dá servizo aos barrios e polos de actividade e equipamentos existentes. As obras encádranse na Estratexia Galega de Mobilidade (EGM), instrumento estratéxico de planificación de carácter multimodal desenvolvido pola Xunta de Galicia para analizar e planificar a mobilidade na nosa Comunidade, e adaptala aos retos da sociedade no futuro en materia de mobilidade sostible.

As obras proxectadas son continuidade doutras que están en execución e serán cofinanciadas polo concello na porcentaxe do 50%, proba do interese da Administración local en acadar o obxectivo da implantación dunha zona de baixas emisións na cidade de Ferrol.

Considérase unha subvención directa ao concello de Ferrol ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, baseada en razóns de interese público, social e económico que dificultarían a súa convocatoria pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

